

CMUS Profesional de Viveiro



CONCELLO DE VIVEIRO



PROGRAMACIÓN

PIANO COMPLEMENTARIO

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	4
1. METODOLOXÍA.....	5
2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	6
3. TEMAS TRANSVERSAIS	7
3.1. EDUCACIÓN EN VALORES.....	7
3.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S).....	8
4. ACTIVIDADES CULTURAI E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS	9
5. SECUENCIACIÓN DO CURSO.....	10
5.1. ➤ CURSO: 3º DE GRAO PROFESIONAL (1º CURSO)	10
5.1.1. <i>Obxectivos</i>	10
5.1.2. <i>Contidos</i>	10
5.1.3. <i>Avaliación</i>	10
5.1.4. <i>Medidas de recuperación</i>	12
5.1.5. <i>Recursos didácticos</i>	13
5.2. ➤ CURSO: 4º DE GRAO PROFESIONAL (2º CURSO)	14
5.2.1. <i>Obxectivos</i>	14
5.2.2. <i>Contidos</i>	14
5.2.3. <i>Avaliación</i>	15
5.2.4. <i>Medidas de recuperación</i>	16
5.2.5. <i>Recursos didácticos</i>	16
5.3. ➤ CURSO: 5º DE GRAO PROFESIONAL (3º CURSO)	17
5.3.1. <i>Obxectivos</i>	17
5.3.2. <i>Contidos</i>	17
5.3.3. <i>Avaliación</i>	18
5.3.4. <i>Medidas de recuperación</i>	19

5.3.5.	<i>Recursos didácticos</i>	20
5.4.	➤ CURSO: 6º DE GRAO PROFESIONAL (4º CURSO)	21
5.4.1.	<i>Obxectivos</i>	21
5.4.2.	<i>Contidos</i>	21
5.4.3.	<i>Avaliación</i>	22
5.4.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	23
5.4.5.	<i>Recursos didácticos</i>	23
6.	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	24
7.	PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO	25
8.	PROBAS DE ACCESO	26
	➤ PROBA DE ACCESO A 4º G.P. PIANO COMPLEMENTARIO (2º Curso).....	26
	➤ PROBA DE ACCESO A 5º G.P. PIANO COMPLEMENTARIO (3º Curso).....	27
	➤ PROBA DE ACCESO A 6º G.P. PIANO COMPLEMENTARIO (4º Curso).....	28

INTRODUCCIÓN

As ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ten por finalidade promocionalle ao alumnado unha formación artística de calidade, así como a de garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no seu artigo 6.2 atribúe ao Goberno fixar as ensinanzas mínimas, que constitúen os aspectos básicos do currículo, co fin de garantir unha formación común a todos os alumnos e a validez dos títulos correspondentes. Así mesmo, o artigo 6.4 determina que as administracións educativas competentes establecerán o currículo das distintas ensinanzas reguladas pola mesma, que deberá incluír os aspectos básicos relativos aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas mínimas.

O Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro, fixa os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola LOE.

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade das ensinanzas profesionais de música é a de proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

A presente programación da concreción aos anteriores decretos a nivel de centro, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento.

1. METODOLOXÍA

Debemos partir dos coñecementos previos de cada alumno na materia, situando a este no centro do programa educativo e organizar todo o proceso de ensino-aprendizaxe en función das súas necesidades e capacidades.

Favoreceremos dentro do posible a motivación do alumno xa que se considera un pilar fundamental na implicación deste no proceso de aprendizaxe. Desexar facer algo fai posible a súa aprendizaxe.

Animaremos os alumnos a que, co fin de que adquiran unha cultura musical básica, asistan a actividades programadas para eles, como por exemplo cursos de interpretación, improvisación, etc. así como a concertos e audicións.

Fomentaremos a súa curiosidade en materia pianística. Dado que non é posible abordar no centro todo o referente a ela, é o noso deber mostrarlles os lugares onde poden pescudar e aprender algo máis (páxinas web, libros, gravacións...).

Podemos completar a formación do alumno mediante a audición comparada de distintas versións ou interpretacións dunha mesma obra. Con isto, desenvolveremos o sentido musical, formal e estilístico dos alumnos, ademais da súa capacidade crítica, auditiva, etc.

Trataremos de desenvolver a progresiva autonomía dos alumnos, de forma que non dependan absolutamente do profesor, senón que progresivamente vaian desenvolvendo o hábito de estudo dunha forma regular, con concentración e aproveitamento do tempo dedicado a cada dificultade.

2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A vía para o tratamento da diversidade é a adaptación curricular. Conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presenten no aula, o profesor poderá expor as seguintes estratexias:

- Adaptación do material didáctico.
- Variacións na metodoloxía, para adaptala ás necesidades de cada alumno.
- Actividades de traballo diferenciadas. O profesor faría unha análise dos contidos da materia e prepara actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.
- Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
- Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose individualmente ao alumno.

A adaptación de obxectivos e contidos terá que respectar os mínimos exhibibles fixados na programación.

3. TEMAS TRANSVERSAIS

3.1. EDUCACIÓN EN VALORES

O desenvolvemento integral do alumno non debe estar limitado á adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe formar aos alumnos para integrarse na sociedade actual, sabendo responder de maneira adecuada aos problemas que esta sociedade implica.

Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente, e maniféstase a través do que coñecemos como temas transversais.

A forma na que entendemos o tratamento destes temas transversais fica reflectida nos obxectivos seguintes:

- Educación para a paz.
 - Adestrarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.
- Educación moral e cívica.
 - Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas.
 - O respecto pola autonomía dos demais.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
 - Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.
 - Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuizos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.
- Educación para a saúde, (postural, auditiva).
 - Proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde.
- Educación para o consumidor.
 - Crear unha conciencia de consumidor responsábel que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.

Desde a música, moitos destes temas poden tratarse propoñendo actividades que se desenvolvan en grupo, xa que estas favorecen a comunicación dos alumnos e fomentan actitudes de convivencia.

Ademais, na música pódense tratar contidos relacionados directamente coa saúde (o uso adecuado do corpo á hora de tocar o instrumento precisa dun coñecemento e coidado do mesmo, especialmente ante problemas habituais na adolescencia. Tratar temas que relacionados directamente coa paz (o coñecemento da música de outras culturas aumenta o respecto cara estas, comprendendo que o mundo non é só a música e culturas occidentais, nin as súas visións). Tratar temas relacionados coa educación para o consumidor, onde se pode analizar o mercado musical, os prezos dos cd's, o pirateo, a vulneración dos dereitos de propiedade intelectual. Tratar o uso da música nas publicidades, nos grandes almacéns, así como o efecto que pode producir no consumidor, cara quen vai dirixido.

3.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S)

O Conservatorio de Viveiro conta cun aula de informática musical, con catro ordenadores na que os alumnos poden traballar aspectos da especialidade de piano complementario

Podemos facer a seguinte clasificación das TIC de utilidade para o proceso de ensino na materia:

- Medios Audiovisuais:
 - Moitas aplicacións multimedia ofrecen diversos recursos para a toma de contacto coa música de diferentes compositores, a audición e o análise. Outras permiten a creación de producións multimedia integrando imaxes, audio e video.
- Medios en internet:
 - Proporciona acceso a materiais didácticos, programacións, software, partituras, imaxes ou arquivos de audio e video.
- Programas informáticos:
 - Outras aplicacións permiten a práctica reiterada de determinados contidos de forma independente. Hai aplicacións deseñadas para temas tan diversos como o entrenamiento auditivo, a teoría musical...
- Medios para a comunicación.
- O portal do centro para comunicación á comunidade escolar e ao alumnado da materia das actividades programadas, audicións, eventos, etc.

4. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSEÑANZAS

Unha actividade pedagóxica moderna non pode quedar reducida ao ámbito da aula, aínda sendo este o espazo central do proceso educativo. Este traballo pode verse complementado por outras tarefas realizadas noutros espazos do propio centro ou doutras entidades colaboradoras.

Estas actividades están orientadas a superar o marco tradicional das clases de instrumento, complementándoas con actividades o máis variadas posibles que poñan en contacto os nosos alumnos coa realidade musical nun senso máis amplo, permitíndolles conectar esta realidade coa sociedade e a cultura do noso tempo.

Para que estas actividades teñan o máximo proveito, deben relacionarse có proceso xeral de aprendizaxe en resposta a unha adecuada planificación.

Clasificación das actividades:

- Organizadas polo departamento:
 - Audicións de alumnos dos distintos profesores do departamento seguidas de comentarios colectivos de profesores e alumnos sobre as mesmas. Fomentarase a crítica construtiva e evítanse comentarios de mal gusto. O obxectivo será aprender colectivamente dos erros e das virtudes dos alumnos e ao mesmo tempo servirá como exemplo de colaboración entre os profesores do departamento para compartir ideas e achegar solucións conxuntas aos problemas que tiveron os alumnos nas súas actuacións.

5. SECUENCIACIÓN DO CURSO

5.1. ► CURSO: 3º DE GRAO PROFESIONAL (1º curso)

5.1.1. Obxectivos

O ensino de Piano Complementario durante o Primeiro Curso no Grao Profesional, terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- Iniciarse no estudo e a práctica do piano, como valioso e útil elemento na súa formación global como músico.
- Desenvolver as capacidades de expresión e percepción a través dun novo medio.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento.
- Desenvolver, de xeito adecuado a este nivel, a capacidade de comprensión polifónica e contrapuntística e a súa realización práctica sobre o teclado.
- Adquirir un grao de destreza na execución que permita desenvolverse coa maior soltura posible no teclado, en obras da dificultade propia deste primeiro curso.
- Alcanzar progresivamente rapidez de reflexos na lectura a primeira vista.
- Improvisar melodicamente no teclado sobre estruturas harmónicas básicas.
- Coñecer e realizar diferentes tipos de acompañamento sinxelos, adaptándoos a unha estrutura harmónica determinada.
- Inventar motivos melódicos desenvolvidos a partir dun proceso de pregunta-resposta.

5.1.2. Contidos

Principios básicos da técnica pianística:

- Posición “Base” na execución pianística e principios de dicitación pianística.
- Percepción interna da propia relaxación e da utilización consciente do peso do brazo.
- Desenvolvemento da técnica dixital (independencia, coordinación, velocidade, forza e resistencia nos movementos articulares dos dedos) e da técnica braquial (caída e lanzamento de antebrazo e brazo, movementos de rotación da man, desprazamentos laterais...).
- Práctica dos diversos modos de pulsación e ataque en función da dinámica, o fraseo e o sentido musical.
- Coñecemento do instrumento e dos pedais e as súas funcións.
- Interpretación de obras a dúas e catro mans.
- Lectura harmónica (acordes e as súas inversións, enlaces dos mesmos, modelos de acompañamento diversos adaptados a cada estrutura), contrapuntística e de partituras a primeira vista.
- Realización de acompañamentos de melodías instrumentais ou vocais.
- Elaboración de melodías e acompañamentos sobre estruturas harmónicas dadas.
- Análise harmónico de fragmentos sinxelos de música para teclado.

5.1.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Ler textos a primeira vista.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.

- Interpretar obras de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- Actuar como membro dun grupo e manifesta-la capacidade de tocar ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos.
- Chegar a través da análise á estrutura harmónica interna dun fragmento de partitura para teclado.
- Redución harmónica dun fragmento sinxelo de música escrita para un instrumento polifónico.
- Lectura simplificada de obras ou fragmentos con disposicións harmónicas tipicamente pianísticas.
- Repentización dunha partitura participando dentro dun grupo de instrumentos ou acompañando a un solista.

Mínimos esixibles

Interpretación dun repertorio que demostre a adquisición e manexo dos contidos específicos do curso, formado, polo menos, por 3 pezas adecuadas ao nivel cunha destreza mínima. Entenderase por destreza mínima a demostración de:

seguridade xeral nas notas e no ritmo.

- adecuación básica ás dinámicas e velocidade correspondentes.
- sentido razoable da continuidade.
- rápida recuperación de calquera tropezo, no seu caso.
- interpretarase, polo menos, unha das pezas de memoria.

2.-Improvisar semifrases de 4 compases sobre motivos dados utilizando notas reais e de adorno (principalmente notas de paso). Graos I, IV e V7, tonalidades, Do M, Sol M, Fa M e la m, compases 2/4, 3/4, 4/4 e 6/8

3.-Harmonizar unha melodía dada e interpretala engadíndolle un acompañamento improvisado que executará a man esquerda. Graos I, IV e V7, tonalidades, Do M, Sol M, Fa M e la m, compases 2/4, 3/4, 4/4 e 6/8

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma mais axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cadanseu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

Esta serie básica de ferramentas de avaliación sería:

Os instrumentos de avaliación son o caderno de aula, no que se rexistran as incidencias significativas ao longo do curso, e o boletín de cualificacións, onde se reflectiran as puntuacións obtidas polo alumno en tódalas materias do curso.

A sesión de avaliación do alumno terá lugar ao final de cada trimestre e estará presidida polo profesor titor, (profesor de instrumento). Nela o equipo docente avaliará a evolución do alumno e plantexará, no caso de existir problemas, as posibles solucións e medidas a adoptar.

No caso de non cumprir cos obxectivos mínimos ou de superar o máximo de faltas permitidas no primeiro ou no segundo trimestre, o alumno deberá recuperar estes obxectivos nos seguintes trimestres (segundo e terceiro, respectivamente). No caso de obter unha Avaliación Final Negativa o alumno terá dereito a unha proba extraordinaria no mes de xuño. As datas para a realización de dita proba serán establecidas polo centro para cada curso.

Criterios de cualificación

Ponderarase da seguinte maneira para a cualificación dos alumnos:

- Nivel de cumprimento de cada un dos criterios de avaliación propostos para este curso. 40%
- Exame trimestral suporá o 60% da nota.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

O alumno/a interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores/as de todas as materias das que estea matriculado. O alumno poderá solicitar permiso para asistir coma ointe as clases do curso o que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os profesores/as, que emitirán unha cualificación.

O consello escolar visto as actas de avaliación concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

5.1.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de recuperación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos.

É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo.

Probas extraordinarias de Xuño

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os obxectivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación.

Para a cualificación desta proba, se ponderará da seguinte maneira:

- Nivel de cumprimento da realización dun exame similar aos realizados durante o curso: 100%.

5.1.5. Recursos didácticos

- Emilio Molina 1º.
- Alfonso Sánchez Pena, piano práctico 1ºA-1ºB.
- Piano, método Bastien, 2º e 3º.
- Os contidos no programa de 2º de grao elemental de piano deste conservatorio.

5.2. ► CURSO: 4º DE GRAO PROFESIONAL (2º curso)

5.2.1. Obxectivos

O ensino de Piano Complementario durante o Segundo Curso no Grao Profesional, terá como obxectivo contribuir a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- Ampliar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nesta materia durante o primeiro curso.
- Desenvolver as capacidades de expresión e percepción con instrumento.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento.
- Desenvolver, de modo axeitado a este nivel, a capacidade de comprensión polifónica e contrapuntística e a súa realización práctica sobre o teclado.
- Adquirir un grao de destreza na execución que permita desenvolverse coa maior soltura posible no teclado, en obras da dificultade propia deste segundo curso.
- Potenciar a habilidade na lectura a primeira vista.
- Improvisar no teclado sobre estruturas harmónicas básicas.
- Coñecer e realizar diferentes tipos de acompañamento sinxelos, adaptándoos a unha estrutura harmónica determinada.
- Inventar motivos melódicos desenvolvidos a partir dun proceso de pregunta-resposta.
- Interpretar obras de características e estilos diferentes.

5.2.2. Contidos

- Adquisición e desenvolvemento de hábitos de postura e relaxación axeitados á execución pianística (brazo, antebrazo, mano, etc.)
- Coñecemento de principios básicos de técnica: Dixitación de escalas e acordes nas tonalidades empregadas, traballo coas articulacións, diferenciación dinámica, nocións básicas de fraseo e de pedalización.
- Profundización na práctica da lectura a primeira vista harmónica (melodías acompañadas con acordes despregados na man esquerda como baixo de Alberti, arpexos, etc.) e contrapuntística (movementos paralelos e contrarios; máis de unha voz en cada man, en fragmentos breves) nas tonalidades traballadas noutros apartados.
- Acompañamento empregando acordes de I-V-II-VI-V7 nas novas tonalidades (LaM-MiM-Mib-Sib e os seus relativos menores) traballando as tres posicións do acorde cos enlaces harmónicos derivados delas desenvolvendo patróns rítmicos de acompañamento a dúas mans e coa man esquerda soa en estruturas harmónicas de 8 e 16 compases.
- Improvisación melódica empregando motivos melódicos con notas estrañas (notas de paso, floreos e apoiaturas) baseadas en repertorio de música tradicional e pop-rock.
- Traballo de dedución melódico-harmónica a través da audición, de pezas do repertorio popular en xeral e a súa interpretación.
- Composición de pequenas pezas con formas simples en base a estruturas harmónicas dadas.
- Achegamento ao transporte. Transporte de pequenos fragmentos ou pezas de pouca dificultade a distintos intervalos, baseándose na comprensión harmónica.
- Estudo de pequenas pezas de diversos estilos adecuadas ao nivel deste 2º curso.
- Estudo de pezas para piano a 4 mans.

5.2.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Ler textos a primeira vista.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Interpretar obras de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- Actuar como membro dun grupo e manifesta-la capacidade de tocar ou cantar ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou voces.
- Chegar a través da análise á estrutura harmónica interna dun fragmento de partitura para teclado.
- Redución harmónica dun fragmento sinxelo de música escrita para un instrumento polifónico.
- Lectura simplificada de obras ou fragmentos con disposicións harmónicas tipicamente pianísticas (arpexos, etc.).
- Interpretación dunha partitura participando dentro dun grupo de instrumentos ou acompañando a un solista.

Mínimos esixibles

1.-Interpretación dun repertorio que demostre a adquisición e manexo dos contidos específicos do curso, formado, polo menos, por 3 pezas adecuadas ao nivel cunha destreza mínima. Entenderase por destreza mínima a demostración de:

- seguridade xeral nas notas e no ritmo.
- adecuación básica ás dinámicas e velocidade correspondentes.
- sentido razoable da continuidade.
- rápida recuperación de calquera tropezo, no seu caso.
- interpretarase, polo menos, unha das pezas de memoria.

2.-Improvisar semifrases de 4 compases (non conclusivas e conclusivas)sobre motivos dados utilizando notas reais e de adorno (principalmente notas de paso).Graos I, IV,II e V7, tonalidades, Do M, Sol M, Fa M, re m, mi m e la m, compases 2/4, 3/4, 4/4 e 6/8

3.-Harmonizar unha melodía dada e despois interpretala engadíndolle un acompañamento improvisado que executará a man esquerda ou as dúas mans Graos I, IV,II e V7, tonalidades, Do M, Sol M, Fa M, re m, mi m e la m, compases 2/4, 3/4, 4/4 e 6/8

Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación da disciplina será continua e nela o profesor valorará de forma constante o progreso que o alumno vai experimentando durante todo o curso, así como a súa actitude e asistencia.

Os instrumentos de avaliación son o caderno de aula, no que se rexistran as incidencias significativas ao longo do curso, e o boletín de cualificacións, onde se reflectiran as puntuacións obtidas polo alumno en tódalas materias do curso.

A sesión de avaliación do alumno terá lugar ao final de cada trimestre e estará presidida polo profesor titor, (profesor de instrumento). Nela o equipo docente avaliará a evolución do alumno e plantexará, no caso de existir problemas, as posibles solucións e medidas a adoptar.

No caso de non cumprir cos obxectivos mínimos ou de superar o máximo de faltas permitidas no primeiro ou no segundo trimestre, o alumno deberá recuperar estes obxectivos nos seguintes trimestres (segundo e terceiro, respectivamente). No caso de obter unha Avaliación

Final Negativa o alumno terá dereito a unha proba extraordinaria no mes de xuño. As datas para a realización de dita proba serán establecidas polo centro para cada curso.

Criterios de cualificación

Ponderarase da seguinte maneira para a cualificación dos alumnos:

- Nivel de cumprimento de cada un dos criterios de avaliación propostos para este curso. 40%
- Exame trimestral suporá o 60% da nota.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxetivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

O alumno/a interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores/as de todas as materias das que estea matriculado. O alumno poderá solicitar permiso para asistir coma ointe as clases do curso o que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os profesores/as, que emitirán unha cualificación.

O consello escolar visto as actas de avaliación concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

5.2.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de recuperación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos.

É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo.

Probas extraordinarias de xuño

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os obxetivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación.

Para a cualificación desta proba, se ponderará da seguinte maneira:

- Nivel de cumprimento da realización dun exame similar aos realizados durante o curso: 100%.

5.2.5. Recursos didácticos.

- Emilio Molina 2º.
- Alfonso Sánchez Pena, piano práctico 2ºA-2ºB.
- Piano, método Bastien, 3º e 4º.
- Os contidos no programa de 3º de grao elemental de piano deste conservatorio.

5.3. ► CURSO: 5º DE GRAO PROFESIONAL (3º curso)

5.3.1. Obxectivos

O ensino de Piano Complementario durante o Terceiro Curso de Piano Complementario no Grao Profesional, terá como obxectivo contribuir a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- Ampliar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nesta materia durante os cursos anteriores.
- Desenvolver as capacidades expresivas e perceptivas.
- Ampliar o coñecemento das características e posibilidades sonoras do instrumento.
- Desenvolver, de xeito adecuado a este nivel, a capacidade de comprensión polifónica e contrapuntística e a súa realización práctica sobre o teclado.
- Adquirir un grao de destreza na execución que permita desenvolverse coa maior soltura posible no teclado, en obras da dificultade propia deste 3º curso.
- Potenciar a habilidade na lectura a primeira vista.
- Improvisar no teclado sobre estruturas harmónicas dadas.
- Coñecer e realizar diferentes tipos de acompañamento, adaptándoos a unha estrutura harmónica determinada.
- Inventar motivos melódicos desenvolvidos a partir dun proceso de pregunta-resposta.
- Interpretar obras de características e estilos diferentes.

5.3.2. Contidos

- Ampliación dos recursos técnicos traballados durante os dous cursos anteriores segundo os diferentes estilos e épocas.
- Escalas e os Arpexos nas tonalidades traballadas no apartado de acompañamento e improvisación.
- Lectura de partituras de complexidade crecente previo análise e comprensión das mesmas.
- Acompañamento empregando acordes sobre todos os graos e os seus enlaces harmónicos (acordes triadas, séptima de dominante, dominantes secundarias en estado fundamental e as súas inversións) sobre patróns rítmicos de complexidade crecente así como o cifrado americano sobre “Standards” de jazz a través de un guión melódico.
- Novas tonalidades: SiM-Fa#-Reb-Lab e os seus relativos menores.
- Formas: análise formal de sonatinas e rondós.
- Improvisación melódica de dificultade crecente.
- Composición de pezas con formas simples en base a estruturas harmónicas dadas.
- Ampliación do traballo de transporte baseado na comprensión tonal.
- Estudo de obras de diversos estilos axeitadas ao nivel deste terceiro curso, (nas que se abordarán problemas relativos ao fraseo, planos sonoros, distinción de voces en polifonía, dinámicas, etc.) e de pezas para piano a 4 mans.

5.3.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Ler textos a primeira vista.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Interpretar obras de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- Actuar como membro dun grupo e manifesta-la capacidade de tocar ou cantar ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou voces.
- Chegar a través da análise á estrutura harmónica interna dun fragmento de partitura para teclado.
- Redución harmónica dun fragmento sinxelo de música escrita para un instrumento polifónico.
- Lectura simplificada de obras ou fragmentos con disposicións harmónicas tipicamente pianísticas (arpexos, etc.).
- Interpretación dunha partitura participando dentro dun grupo de instrumentos ou acompañando a un solista.

Mínimos esixibles

1.- Interpretación dun repertorio que demostre a adquisición e manexo dos contidos específicos do curso, formado, polo menos, por 3 pezas adecuadas ao nivel cunha destreza mínima. Entenderase por destreza mínima a demostración de:

- seguridade xeral nas notas e no ritmo.
- adecuación básica ás dinámicas e velocidade correspondentes.
- sentido razoable da continuidade.
- rápida recuperación de calquera tropezo, no seu caso.
- interpretarase, polo menos, unha das pezas de memoria.

2.- Harmonizar (con graos e con cifrado de acordes) unha melodía para poder acompañala posteriormente con ambas as dúas mans.

3.- Improvisar frases na man dereita sobre unha base harmónica que se interpretará coa man esquerda,

4.- Improvisar blues sobre motivos dados.

Graos: I, II, III, IV, V, VI e dominantes secundarias.

Tonalidades: do maior, sol maior, fa maior, re maior, mi maior, la maior, si bemol maior, la menor e re menor.

Compases: 2/4, 3/4, 4/4, 2/2, 6/8 e 3/8

Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación da disciplina será continua e nela o profesor valorará de forma constante o progreso que o alumno vai experimentando durante todo o curso, así como a súa actitude e asistencia.

Os instrumentos de avaliación son o caderno de aula, no que se rexistran as incidencias significativas ao longo do curso, e o boletín de cualificacións, onde se reflectiran as puntuacións obtidas polo alumno en tódalas materias do curso.

A sesión de avaliación do alumno terá lugar ao final de cada trimestre e estará presidida polo profesor titor, (profesor de instrumento). Nela o equipo docente avaliará a evolución do alumno e plantexará, no caso de existir problemas, as posibles solucións e medidas a adoptar.

No caso de non cumprir cos obxectivos mínimos ou de superar o máximo de faltas permitidas no primeiro ou no segundo trimestre, o alumno deberá recuperar estes obxectivos nos seguintes trimestres (segundo e terceiro, respectivamente). No caso de obter unha Avaliación Final Negativa o alumno terá dereito a unha proba extraordinaria no mes de xuño. As datas para a realización de dita proba serán establecidas polo centro para cada curso.

Criterios de cualificación

Ponderarase da seguinte maneira para a cualificación dos alumnos:

- Nivel de cumprimento de cada un dos criterios de avaliación propostos para este curso. 40%
- Exame trimestral suporá o 60% da nota.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

O alumno/a interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores/as de todas as materias das que estea matriculado. O alumno poderá solicitar permiso para asistir coma ointe as clases do curso o que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os profesores/as, que emitirán unha cualificación.

O consello escolar visto as actas de avaliación concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

5.3.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de recuperación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos.

É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo.

Probas extraordinarias de xuño

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os obxectivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación.

- Para a cualificación desta proba, se ponderará da seguinte maneira:
- Nivel de cumprimento da realización dun exame similar aos realizados durante o curso: 100%.

5.3.5. Recursos didácticos

- Emilio Molina 3º.
- Piano, método Bastien, 4º.
- Os contidos no programa de 4º de grao elemental de piano deste conservatorio.

5.4. ► CURSO: 6º DE GRAO PROFESIONAL (4º curso)

5.4.1. Obxectivos

O ensino de Piano Complementario durante o Cuarto Curso de Piano Complementario no Grao Profesional, terá como obxectivo contribuir a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- Ampliar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nesta materia durante os cursos anteriores.
- Desenvolver as capacidades expresivas e perceptivas.
- Ampliar o coñecemento das características e posibilidades sonoras do piano.
- Desenvolver, de xeito adecuado a este nivel, a capacidade de comprensión polifónica e contrapuntística e a súa realización práctica sobre o teclado.
- Adquirir un grao de destreza na execución que permita desenvolverse coa maior soltura posible no teclado, en obras da dificultade propia deste 4º curso.
- Potenciar a habilidade na lectura a primeira vista.
- Improvisar no teclado sobre estruturas harmónicas dadas.
- Coñecer e realizar diferentes tipos de acompañamento, adaptándoos a unha estrutura harmónica determinada.
- Inventar motivos melódicos desenvolvidos a partir dun proceso de pregunta-resposta.
- Interpretar obras de características e estilos diferentes.

5.4.2. Contidos

- Ampliación dos recursos técnicos dos cursos anteriores traballando as Escalas e os Arpexos en todas as tonalidades e emprego de recursos técnicos de certa complexidade como oitavas ou notas dobres en fragmentos breves.
- Práctica da lectura a vista de carácter harmónico e contrapuntístico.
- Acompañamento e improvisación empregando: acordes sobre todos os graos, acordes de 7ª sobre todos o graos; de 7ª de sensible e 7ª diminuída e as súas inversión, acordes de 9ª, dominantes secundarias e as súas inversións.
- Emprego de estruturas harmónicas, series de 7ªs dominantes e diatónicas e procesos modulantes.
- Coñecemento e práctica de estruturas de obras coñecidas e de patróns rítmicos de complexidade crecente sobre estruturas rítmicas de música pop-rock, latina, popular, jazz, etc... empregando todas as tonalidades.
- Composición de pezas con formas simples en base a estruturas harmónicas dadas.
- Improvisación melódica sobre escalas modais.
- Transporte de pezas ou fragmentos de dificultade crecente, a distintos intervalos, baseándose na comprensión interna da composición musical.
- Introducción e achegamento á escritura actual e a súa simboloxía improvisando e creando pezas empregando estas grafías.
- Estudo de obras de diversos estilos axeitadas ao nivel e de pezas para piano a 4 mans.

5.4.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Ler textos a primeira vista.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Interpretar obras de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- Actuar como membro dun grupo e manifesta-la capacidade de tocar ou cantar ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou voces.
- Chegar a través da análise á estrutura harmónica interna dun fragmento de partitura para teclado.
- Redución harmónica dun fragmento sinxelo de música escrita para un instrumento polifónico.
- Lectura simplificada de obras ou fragmentos con disposicións harmónicas tipicamente pianísticas (arpexos, etc.).
- Interpretación dunha partitura participando dentro dun grupo de instrumentos ou acompañando a un solista.

Mínimos esixibles

1.- Interpretación dun repertorio que demostre a adquisición e manexo dos contidos específicos do curso, formado, polo menos, por 3 pezas adecuadas ao nivel cunha destreza mínima. Entenderase por destreza mínima a demostración de:

- seguridade xeral nas notas e no ritmo.
- adecuación básica ás dinámicas e velocidade correspondentes.
- sentido razoable da continuidade.
- rápida recuperación de calquera tropezo, no seu caso.
- interpretarase, polo menos, unha das pezas de memoria.

2.- Harmonizar (con graos e con cifrado de acordes) unha melodía para poder acompañala posteriormente con ambas as dúas mans.

3.- Improvisar frases na man dereita sobre unha base harmónica que se interpretará coa man esquerda,

4.- Improvisar blues sobre motivos dados.

Graos: Todos

Tonalidades: Todas

Compases: 2/4, 3/4, 4/4, 2/2, 6/8 e 3/8

Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación da disciplina será continua e nela o profesor valorará de forma constante o progreso que o alumno vai experimentando durante todo o curso, así como a súa actitude e asistencia.

Os instrumentos de avaliación son o caderno de aula, no que se rexistran as incidencias significativas ao longo do curso, e o boletín de cualificacións, onde se reflectiran as puntuacións obtidas polo alumno en tódalas materias do curso.

A sesión de avaliación do alumno terá lugar ao final de cada trimestre e estará presidida polo profesor titor, (profesor de instrumento). Nela o equipo docente avaliará a evolución do alumno e plantexará, no caso de existir problemas, as posibles solucións e medidas a adoptar.

No caso de non cumprir cos obxectivos mínimos ou de superar o máximo de faltas permitidas no primeiro ou no segundo trimestre, o alumno deberá recuperar estes obxectivos nos seguintes trimestres (segundo e terceiro, respectivamente). No caso de obter unha Avaliación Final Negativa o alumno terá dereito a unha proba extraordinaria no mes de xuño. As datas para a realización de dita proba serán establecidas polo centro para cada curso.

Criterios de cualificación

Ponderarase da seguinte maneira para a cualificación dos alumnos:

- Nivel de cumprimento de cada un dos criterios de avaliación propostos para este curso. 40%
- Exame trimestral suporá o 60% da nota.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxetivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

O alumno/a interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores/as de todas as materias das que estea matriculado. O alumno poderá solicitar permiso para asistir coma ointe as clases do curso o que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os profesores/as, que emitirán unha cualificación.

O consello escolar visto as actas de avaliación concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

5.4.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de recuperación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos.

É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo.

Probas extraordinarias de xuño

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os obxetivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación.

Para a cualificación desta proba, se ponderará da seguinte maneira:

- Nivel de cumprimento da realización dun exame similar aos realizados durante o curso: 100%.

5.4.5. Recursos didácticos

- Emilio Molina 4º.
- Os contidos no programa de 1º de piano de grao profesional deste conservatorio.

6. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Os procedementos para que o departamento coordine, valore e revise o axeitado desenvolvemento das súas programacións didácticas, incluíndo esta, así como os seus resultados serán:

- Reunións de departamento: aproveitaranse para facer achegas, críticas, e calquera tipo de aportación sobre o funcionamento no día a día das programacións.

7. PROCEDIMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

A avaliación interna do departamento farase dentro das reunións periódicas deste, nas cales se formularán as opinións, propostas de mellora, recursos e o grao de implicación dos profesores, co fin de localizar o nivel de satisfacción dos membros do departamento co seu funcionamento.

8. PRBAS DE ACCESO

► PROBA DE ACCESO A 4º G.P. PIANO COMPLEMENTARIO (2º Curso)

1. -Interpretación dunha pequena peza de libre elección.

Métodos orientativos:

Emilio Molina 1º

Alfonso Sánchez Pena, piano práctico 1ºA-1ºB

Piano, método Bastien, 2º e 3º

Os contidos no programa de 2º de piano deste conservatorio

O tribunal reservarase o dereito de admitir a exame as pezas que considere que sexan de dificultade inferior ás propostas.

2. -Improvisar semifrases de 4 compases sobre motivos dados utilizando notas reais e de adorno (principalmente notas de paso). Darase a tonalidade, a base armónica e o compás.

Graos I, IV e V7, tonalidades, do M, Sol M, Fa M e la m, compases 2/4, 3/4, 4/4 e 6/8

3.-Armonizar unha melodía dada e despois interpretala engadíndolle un acompañamento improvisado que executará a man esquerda. Darase o comezo do acompañamento.

Graos I, IV e V7, tonalidades, do M, Sol M, Fa M e la m, compases 2/4, 3/4, 4/4 e 6/8.

► **PROBA DE ACCESO A 5º G.P. PIANO COMPLEMENTARIO (3º Curso)**

1.- Interpretación dunha pequena peza de libre elección.

Métodos orientativos:

Emilio Molina 2º

Alfonso Sánchez Pena, piano práctico 2ºA-2ºB

Piano, método Bastien, 3º e 4º

Os contidos no programa de 3º de piano deste conservatorio

O tribunal reservarase o dereito de admitir a exame as pezas que considere que sexan de dificultade inferior ás propostas.

2.- Improvisar semifrases de 4 compases (non conclusivas e conclusivas) sobre motivos dados utilizando notas reais e de adorno (principalmente notas de paso). Darase a tonalidade, a base harmónica e o compás.

Graos I, IV,II e V7, tonalidades, Do M, Sol M, Fa M, re m, mi m e la m, compases 2/4, 3/4, 4/4 e 6/8

3. -Harmonizar unha melodía dada e despois interpretala engadíndolle un acompañamento improvisado que executará a man esquerda ou as dúas mans (neste caso un membro do tribunal interpretará a melodía)

Graos I, IV,II e V7, tonalidades, Do M, Sol M, Fa M, re m, mi m e la m, compases 2/4, 3/4, 4/4 e 6/8

➤ **PROBA DE ACCESO A 6º G.P. PIANO COMPLEMENTARIO (4º Curso)**

- 1.- Interpretación ao piano dunha obra de libre elección de dificultades similares ás que se atopan no programa do terceiro curso de piano complementario**
- 2.- Harmonizar (con graos e con cifrado de acordes) unha melodía dada para acompañala posteriormente con ambas as mans (a melodía será interpretada por un membro do tribunal)**
- 3.- Improvisar frases na man dereita sobre unha base harmónica que se interpretará coa man esquerda, neste exercicio poderase dar o motivo inicial ou non.**
- 4.- Improvisar blues sobre motivos dados.**

Graos: I, II, III, IV, V, VI e dominantes secundarias.

Tonalidades: do M, sol M, fa M, re M, mi M, la M, si bemol M, la m e re m.

Compases: 2/4, 3/4, 4/4, 2/2, 6/8 e 3/8